


# TODO LÍRICA

## VIII FESTIVAL DE ZARZUELA DE SANTIAGO

Nadal 2008



CONCELLO DE  
SANTIAGO

Concellaría de Cultura



ASOCIACIÓN  
GALEGA DA LÍRICA  
*Teresa Berganza*

# **TODO LÍRICA**

## **VIII FESTIVAL DE ZARZUELA DE SANTIAGO**

### **CONCERTO 1**

domingo 21 de decembro de 2008

**MANUELA CUSTER** mezzosoprano

**RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE** piano

Musical americano e canción

### **CONCERTO 2**

martes 30 de decembro de 2008

**AMANDA SERNA** soprano

**MARINA PARDO** mezzosoprano

**JULIO MORALES** tenor

**JAVIER GALÁN** barítono

**BORJA MARIÑO** piano

A música de baile na zarzuela: do pasodoble ao fox-trot

Sorazábal, Chueca, Giménez, Guerrero, Luna, Alonso, Soutullo

### **CONCERTO 3**

sábado 3 de xaneiro de 2009

**BORJA QUIZA** barítono

**BORJA MARIÑO** piano

Romanzas de zarzuela e tangos

Teatro Principal (Santiago de Compostela)

21:00

**Abono** (3 concertos) 12 euros

**Entradas soltas** 6 euros

### **Servizo de venda de entradas de Caixa Galicia**

Abonos (a partir do martes 2 de decembro): 902 43 44 43

Entradas soltas (a partir do xoves 18 de decembro): [www.caixagalicia.es](http://www.caixagalicia.es) e 902 43 44 43

### **Taquilla do Teatro Principal (12:30-14:00 e 18:00-21:00)**

Abonos: xoves 18 e venres 19 de decembro

Entradas soltas: sábado 20 de decembro e o día de cada concerto

### **Información**

[www.compostelacultura.org](http://www.compostelacultura.org) / [galegalirica@ya.com](mailto:galegalirica@ya.com) / 981 58 16 52 / 981 54 23 47

Cando vostede lea estas liñas o Nadal estará a piques de comezar; por iso, antes de nada, quero felicitarlle as festas e desexarlle o mellor para o ano que pronto vai comezar. E para gozar nestas festas do mellor da música, celebramos este festival que vai xa pola súa VIII edición, o que o consolida como unha cita marcada xa no calendario cultural da nosa cidade ano tras ano, como *Sons da Diversidade*, *Cineuropa*, o *Ciclo de Lied ou Teatro+Danza En Xira*. Con todas estas actividades, desde a Concellaría de Cultura procura-mos atender todas as expresións artísticas e as demandas culturais da cidadanía.

Este ano o tradicional festival compostelán coñecido até o de agora como *Festival de Zarzuela* refúndase, baixo o nome de *Todo Lírica*, co obxectivo de ampliar o seu universo musical. Nesta edición gozaremos coa achega a varios xéneros e autores: música de Castelnuovo-Tedesco, Montsalvatge, Rodgers, Sondheim, Luna, Alonso, Gardel, Grever, etc.; desde o musical americano ás romanças e tangos; desde as cancións de berce até as habaneras; e a música de baile que vai do pasodoble ao fox-trot.

Ademais de deixármos levar pola música, este ciclo pretende ter unha vertente didáctica e por iso editamos este programa de man, que é un excelente instrumento para coñecer en profundidade a cada artista, autor e xénero que serán protagonistas dos tres concertos que conforman o festival.

Xa para rematar; quero darrle as grazas a todos e todas os que co seu traballo fan posíbel que este *Todo Lírica* sexa unha realidade cada ano. O meu recoñecemento para a Asociación Galega da Lírica polo seu bo facer e o cariño e coidado que pon na súa organización.

Espero que o programa que preparamos este ano sexa do seu agrado e gocen con el.

SOCORRO GARCÍA CONDE  
Tenente de alcalde e Concelleira de Cultura e Centros Socioculturais  
do Concello de Santiago de Compostela

Co Nadal chega de novo o Festival de Zarzuela de Santiago, un proxecto creado hai oito anos co decidido e imprescindible apoio da Concellaría de Cultura compostelá, e que desde a súa primeira edición xa deu exitosos froitos artísticos e de público. O ciclo segue o formato das anteriores edicións e constará de tres concertos nos que poderemos escoitar representativas romanças de autores tan senlleiros no xénero como Guerrero, Alonso, Moreno Torroba, Luna, Vives, Chapí, Chueca, Sorozábal ou o galego Soutullo. Como ben saben, cada ano o noso Festival de Zarzuela abordaba, xunto a este xénero que daba nome ao ciclo, outras manifestacións musicais, e o peso destes xéneros na programación creceu ano tras ano. A opereta, o musical, a canción e mesmo a ópera encheron os programas deste ecléctico ciclo, que dende este Nadal rebautizamos como *Todo Lírica*, coa intención de axustar máis o seu nome aos seus contidos. A canción, o musical americano e o tango compartirán protagonismo neste Nadal 2008 en *Todo Lírica*, nos tres recitais de voz e piano que terán lugar no Teatro Principal de Santiago a cargo dun sólido elenco de novos cantantes que atesouran prestixio e experiencia no escenario.

A primeira en chegar a Santiago para inaugurar *Todo Lírica* será a mezzosoprano italiana Manuela Custer, acompañada por un habitual no cartel deste ciclo –ao que non falta anualmente dende a súa creación no ano 2001–, o pianista vasco Rubén Fernández Aguirre. Baixo o título *Memorias de América*, a singular e reputada cantante turinesa ofrecerá un variado e desenfadado programa centrado no musical americano con pezas de autores que deixaron unha forte pegada en Broadway como Richard Rodgers e Stephen Sondheim, e no que non faltarán algúns sorpresas como as *Cancións negras* do catalán Xavier Montsalvatge e cancións do italiano Mario Castelnuovo Tedesco.

Catro cantantes participan no segundo concerto na compañía do pianista vigués Borja Mariño. A *música de baile na zarzuela: do pasodoble ao fox-trot* é o título desta gala zarzueleira que inclúe romanças de Sorozábal, Chueca, Giménez, Guerrero, Luna, Alonso e Soutullo e na que cantarán a soprano sevillana Amanda Serna, a mezzosoprano santanderina Marina Pardo, o barítono valenciano Javier Galán e o tenor cántabro Julio Morales. O terceiro recital do Festival de Zarzuela compostelán terá un sabor galego coa presenza de novo do pianista vigués Borja Mariño acompañando a Borja Quiza, novo barítono coruñés de crecente reputación e prometedora carreira internacional que ofrecerá o seu primeiro recital en Santiago (cun programa cheo de tangos e zarzuela) na clausura do ciclo. No Principal agardámolos outro Nadal con moita, variada, alegre e, sobre todo, boa música. A Asociación Galega da Lírica deséxalle un bo e lírico Nadal.

XOSÉ VÍCTOR CAROU FERNÁNDEZ  
Presidente da Asociación Galega da Lírica Teresa Berganza

## CONCERTO I

# Manuela Custer mezzosoprano Rubén Fernández Aguirre piano

Domingo 21 de decembro de 2008

## PARTE I

MARIO CASTELNUOVO TEDESCO (1895-1968)

Sera (1923)

Petrarca-Chopin, tres madrigais (1934)

1. Sobre o preludio nº 11

2. Sobre o preludio nº 2

3. Sobre o preludio nº 10

L'infinito (1921)

XAVIER MONTSALVATGE (1912-2002)

CINCO CANCIONES NEGRAS (1945)

1. Cuba dentro de un piano (Texto: Rafael Alberti)

2. Punto de habanera (Texto: Néstor Luján)

3. Chévere (Texto: Nicolás Guillén)

4. Canción de cuna para dormir a un negrito (Texto: Ildefonso Pereda Valdés)

5. Canto negro (Texto: Nicolás Guillén)

## PARTE II

CAROUSEL (1945), MEDLEY (POPURRI)

If I loved you

When the children are asleep

June is bustin' out all over

You'll never walk alone

RICHARD RODGERS (1902-1980)

Textos: Oscar Hammerstein II (1895-1960)

MY FUNNY VALENTINE (1937), MEDLEY (POPURRI)

RICHARD RODGERS (1902-1980)

Textos: Lorenz Hart (1895-1943)

My funny valentine

Isn't it romantic?

Where or when

It never entered my mind

You're nearer

To keep my love alive

SWEENEY TODD (1979), MEDLEY (POPURRI)

STEPHEN SONDEHEIM (N. 1930)

Textos: Stephen Sondheim

The ballad of Sweeney Todd

Johanna

Wait

By the sea

Pretty women

Not while I'm around

The worst pies in London

## **MANUELA CUSTER mezzosoprano**

Naceu en Novara e debutou en *Elisabetta regina d'Inghilterra* de Rossini no Teatro Regio de Turín, onde tamén interpretou o papel de Cherubino de *As vodas de Fígaro* e, recentemente, a *Cenerentola* de Rossini baixo a dirección escénica de Luca Ronconi. Comezou moi nova unha carreira internacional que a levou a Lucerna (*L'enfant et les sortilèges* de Ravel baixo a dirección de Viotti), Montecarlo (*Cosi fan tutte* baixo a dirección de Accardo), Verona, Xénova e Lille (o papel de Nicklausse de *Les contes d'Hoffmann* de Offenbach con Bonyngé), Venecia e Salzburgo (*Juditha Triumphans* de Vivaldi baixo a dirección de Scimone), Istambul (*Orfeo* de Bertoni baixo a dirección de Scimone e *Bajazet* de Vivaldi con Biondi, ambos baixo a dirección escénica de Pizzi), Concertgebouw de Ámsterdam, Accademia Chigiana de Siena (*Giustino* e *Arminio* de Vivaldi con Curtis), Festival de Martina Franca (*La Zingara* de Donizetti), Edimburgo (*Zelmira* de Rossini con gravación para Opera Rara), Teatro Filarmónico de Verona (*O barbeiro de Sevilla* xunto a Juan Diego Flórez), Festival de Ambronay (*Motetes* de Vivaldi), Ópera de Roma (*Fausto* e *Capuleti e Montecchi*), Teatro da Maestranza de Sevilla (*Incoronazione di Poppea* na producción escénica de Vick dirixida musicalmente por Rousset), Théâtre des Champs-Elysées de París (*Orlando finto pazzo* de Vivaldi), Royal Festival Hall de Londres (*Pia de'Tolomei* tamén gravada por Opera Rara), Rossini Opera Festival de Pesaro (*Il vero omaggio* e *La gazzetta* baixo a dirección escénica de Fo, e *La gazza ladra*), Teatro Petruzzelli de Bari (*La Cenerentola* e *O barbeiro de Sevilla* en dirección escénica de Livermore), Theatre Royal Drury Lane de Londres (*Il diluvio universale* de Donizetti gravado para Opera Rara), Wiener Konzerthaus (*Bajazet* de Vivaldi con Biondi e Europa Galante, interpretado tamén en Yokohama), La Fenice de Venecia (*Didone* de Cavalli baixo a dirección de Biondi e a primeira representación na época moderna de *L'Olimpiade* de Galuppi baixo a dirección de Marcon, ambos no Teatro Malibran), Michigan Opera Theatre de Detroit (debut nos Estados Unidos con *O barbeiro de Sevilla* baixo a dirección de Edoardo Müller), Accademia di Santa Cecilia (*Novena sinfonía* de Beethoven con Fabio Luisi e *Orlando Furioso* dirixido por Andrea Marcon), Sala Verdi de Milán e Teatro Cervantes de Málaga (*Messa di Requiem* de Verdi e *Pequena misa solemne* de Rossini baixo a dirección de Aldo Ceccato), Teatro alla Scala de Milán (*La damoiselle élue* de Debussy baixo a dirección de John Eliot Gardiner e *Didone* de Cavalli con Biondi e Europa Galante), Festival de Granada, Palau da Música de Barcelona e Teatro da Zarzuela de Madrid (*Il califfo di Bagdad* baixo a dirección de Christophe Rousset), Gewandhaus de Leipzig (*Pequena misa solemne* dirixida por Riccardo Chailly), etc.

Manuela Custer confirmou recentemente a súa versatilidade como artista tamén no repertorio contemporáneo coa *Sankt-Bach Passion* de Kagel na radio de Leipzig baixo a dirección de Luisi e coa aclamadísima peza *Le bel indifférent* de Tutino baixo a dirección escénica de Livermore no Teatro Stabile de Turín, onde interpretou tamén os *Canti dall'inferno*, representados posteriormente no Festival dei Due Mondi de Spoleto.

A súa discografía inclúe *La rimembranza*, *La partenza*, *Il primo dolce affanno*, *L'esule di Granata*, *Pia de'Tolomei*, *Il diluvio universale*, *Elisabetta regina d'Inghilterra*, *Zelmira* e *María Estuardo* para Opera Rara, *Juditha Triumphans* para Warner Fonit e *Arminio* para Virgin Classics.

Entre os seus próximos compromisos cómpre salientar *Anna Bolena* en Lión e París, *Os contos de Hoffmann* (Nicklausse) e *Vanesa* (Erika) baixo a dirección musical de Noseda no Teatro Regio de Turín, *Italiana en Arxel* (Isabella) na Ópera de Dallas, *Juditha Triumphans* (Juditha) con Andrea Marcon no Concertgebouw de Ámsterdam, no Festival Mozart da Coruña e na Festpielhaus de Baden Baden, *Guillermo Tell* (Hedwige) no Concertgebouw de Ámsterdam ou *Falstaff* (Meg) en Bilbao.

## **RUBÉN FERNÁNDEZ AGUIRRE piano**

Nace en Barakaldo (Biscaia) en 1974. En 1996, bolsado pola Deputación Foral de Biscaia, trasládase a Viena. Durante tres anos realizou na capital austríaca estudos de correpetición (música de cámara e acompañamento de cantantes) cos profesores D. Lutz, F. Fanning e C. Stanischeff. Alí traballou para a axencia internacional Yehudi Menuhin, live music now, e ofreceu concertos por toda Austria. Posteriormente perfeccionou os seus estudos en Múnich e recibiu os consellos de Félix Lavilla e Wolfgang Rieger.

Realiza labouras de repertorista en cursos e clases maxistrais de importantes cantantes, profesores de canto e directores de escena como Ileana Cotrubas, Jaume Aragall, Renata Scotto, Simon Estes, Licia Albanese, Walter Berry, Enrique Viana, Ana Luisa Chova e Emilio Sagi entre outros. Foi pianista oficial do concurso Operalia 2006 (presidido por Plácido Domingo) e colabora tamén co Concurso Internacional de Canto de Bilbao, o Teatro Real de Madrid e o Teatro da Maestranza de Sevilla. Ofrece recitais con prestixiosos cantantes como Ainhoa Arteta, Carlos Álvarez, Cristina Gallardo-Dómas, Ismael Jordi, Elena de la Merced, José Manuel Zapata, Nancy Fabiola Herrera, Manuela Custer; David Menéndez, Anna Chierichetti, Ruth Rosique, Josep Miquel Ramón, Isabel Monar; José Luis Sola, Marina Rodríguez Cusí, José Antonio López, Isabel Rey, Luis Dámaso, Mariola Cantarero, Marta Infante, Sabina Puértolas, Eglise Gutiérrez e Rocío Ignacio, cos bailarines Ángel Corella e Igor Yebra e co Orfeón Donostiarra. É pianista residente do Festival de Zarzuela de Santiago de Compostela, do Festival Internacional de Música de Medina del Campo (Valladolid) e do ciclo Vive la Lírica de Telde (Gran Canaria). Ademais actuou nos festivais internacionais de Granada, Perelada, Santander, Quincena Musical Donostiarra, Mozart da Coruña, Festival de Música Española de Cádiz e Schubertiada de Villabertrán, así como en diversos escenarios como o Palau de la Música de Barcelona, o Auditorio Nacional de Madrid, as catedrais de Burgos e Sevilla, o Teatro Arriaga, o Palacio Euskalduna e o Guggenheim de Bilbao, o Auditorio Alfredo Kraus de Las Palmas, o Teatro Cervantes de Málaga, o Auditorio de Murcia, o Auditórium de Palma de Mallorca, o Teatro Villamarta de Xerez, o Auditorio Enric Granados de Lleida, o Auditorio Manuel de Falla de Granada, etc., así como en diversos países de Europa, América, Oriente Medio e África.

## CONCERTO 2

**Amanda Serna soprano**

**Marina Pardo mezzosoprano**

**Julio Morales tenor**

**Javier Galán barítono**

**Borja Mariño piano**

**Martes 30 de decembro de 2008**

### PARTE I

**EL BARBERO DE SEVILLA** (1901) G. GIMÉNEZ (1854-1923) E M. NIETO (1865-1915)

Vals terceto de La Roldán: "Aún estoy nerviosa con lo sucedido"

mezzosoprano / tenor / barítono

**EL NIÑO JUDÍO** (1918)

PABLO LUNA (1879-1942)

Dúo do tabaco de Concha e Samuel: "Ay, qué gusto más grande me da"

soprano / tenor

**LAS LLORONAS** (1928)

FRANCISCO ALONSO (1887-1948)

One-step das cockteleiras: "No hay un placer mejor"

mezzosoprano

**LAS CASTIGADORAS** (1927)

FRANCISCO ALONSO (1887-1948)

Fox-trot: "Al ruido alegre del jazz band"

soprano / barítono

**ORTOGRAFÍA** (1888)

RUPERTO CHAPÍ (1851-1909)

Terceto dos modismos: "Yo soy el Menú"

soprano / tenor / barítono

**LAS LEANDRAS** (1931)

FRANCISCO ALONSO (1887-1948)

Blues de Clara Bow e os mariñeiros: "El amor buscó en el mar"

mezzosoprano / tenor / barítono

**LOS GAVILANES** (1923)

JACINTO GUERRERO (1895-1951)

Fox-trot de Rosaura, Clariván, Triquet: "No hay por qué reir; no hay por qué llorar"

soprano / tenor / barítono

**EL ARTE DE SER BONITA** (1905)

AMADEO VIVES (1871-1932)

Clase das gordas: "Aquí para lograr adelgazar"

soprano / mezzosoprano

## PARTE II

### LA DEL MANOJO DE ROSAS (1934)

Dúo de Clarita e Capó: "Si tú sales a Rosales"  
soprano / tenor

PABLO SOROZÁBAL (1897-1988)

### EL AÑO PASADO POR AGUA (1889) F. CHUECA (1846-1908) E J. VALVERDE (1846-1910)

Mazurca dos paraugas: "Hágame usted el favor"  
mezzosoprano / barítono

### BLACK EL PAYASO (1942)

Dúo de Catalina e Marat: "Dos besos míos"  
soprano / tenor

PABLO SOROZÁBAL (1897-1988)

### EL ÚLTIMO ROMÁNTICO (1928)

R. SOUTULLO (1880-1932) E J. VERT (1890-1931)  
Can-can de Encarna, Tomás e Ceferino: "Moda es hoy bailar pasos de cancán"  
mezzosoprano / tenor / barítono

### DON MANOLITO (1943)

Canción de Leocadia e Nica: "Sueña que en sueños todo lograrás"  
soprano / tenor

PABLO SOROZÁBAL (1897-1988)

Romanza do partido de futbol: "Qué partido has perdido, chiquilla"  
barítono

### LA ETERNA CANCIÓN (1945)

Danzón de Laura e Tina: "No hace falta que lo digas"  
soprano / mezzo

PABLO SOROZÁBAL (1897-1988)

Pasodoble de Tina e Montilla: "Te quiero por tu frescura"  
mezzosoprano / tenor

Final do primeiro acto: "Jura un amante"  
soprano / mezzosoprano / tenor / barítono

## AMANDA SERNA soprano

Comeza os estudos de piano aos oito anos en Sevilla, onde inicia posteriormente a súa formación vocal baixo a cátedra de Maruja Troncoso no Conservatorio Superior de Música, no que lle entregaron o Premio de Honra de Fin de Grao en 1997. Asistiu aos cursos de perfeccionamento e clases magistrais impartidos por Alfredo Kraus, Montserrat Caballé, Teresa Berganza, Ana Luisa Chova, etc. Estuda o repertorio belcantista con Enrique Viana e repertorio lírico español coa mestra Marco. Foi premiada no Concurso de Novos Intérpretes da Cidade de Sevilla 2000, no Concurso Cidade de Logroño 2003 e no VI Certame de canto para voces novas Manuel Ausensi 2003 cuxa final tivo lugar no Liceo de Barcelona.

No seu repertorio operístico atópanse papeis como Fiordiligi (*Così fan tutte*), Micaëla (*Carmen*), Liù (*Turandot*), Mimí e Musetta (*La Bohème*) ou Lauretta (*Gianni Schicchi*). Protagonizou zarzuelas como *El barberillo de Lavapiés*, *La del manojo de rosas*, *El mal de amores*, *La eterna canción*, *El conde de Luxemburgo*, *Molinos de viento*, *El dúo de La Africana*, *Doña Francisquita*, *Los Gavilanes*, *Luisa Fernanda* e *El rey que rabió* en teatros como Buero Vallejo en Guadalaxara, Auditorio Municipal de Ourense, Teatro Apolo en Barcelona, Teatro da Zarzuela e Teatro Español en Madrid, Teatro Cuyás en Gran Canaria, Teatro Arriaga en Bilbao, Teatro Guimerá en Tenerife, Festival Castell de Peralada, Teatro Liceo en Salamanca, Auditorio de León, etc. Protagonizou os espectáculos orixinais de Enrique Viana *Tardes con Donizetti* no Teatro Real e *A voltas coa zarzuela* no Auditorio de Conde Duque en Madrid. Cantou recitais líricos no Auditorio Pau Casals en Tarragona, Auditorium Municipal de Logroño, Semana Internacional de Denia, Teatro Principal de Burgos, Teatro Wagner de Aspe, Liceo de Barcelona, inauguración de RiojaForum en Logroño, Outono Musical Soriano, Auditorio Conde-Duque, Teatro Monumental (Gala Lírica de RTVE 2004), Auditorio Nacional e Teatro Real de Madrid, entre outros. Colabora habitualmente no ciclo Encontros con Rosa Torres Pardo.

## MARINA PARDO mezzosoprano

Nada en Cantabria, graduouse no Conservatorio Superior de Oviedo baixo as ensinanzas de Celia Álvarez Blanco coas más altas cualificacións e premios. En 1994 foi seleccionada por Alfredo Kraus para perfeccionar os seus estudos na Escola Superior de Música Raiña Sofía de Madrid e acadou o Primeiro Premio no II Festival Lírico de Callosa d'en Sarriá concedido por Elena Obraztsova e Ana Luisa Chova. Tamén foi premiada no Concurso Francisco Alonso e por Xuventudes Musicais de Santander.

Ofreceu numerosos recitais co seu pianista habitual, Kennedy Moretti, entre os que destaca o *Winterreise* de Schubert no Auditorio Nacional. Co guitarrista José María Gallardo e La Maestranza actuou no Festival de Guitarra de Dublín, na sede da UNESCO en Beirut e no Teatro da Filarmónica de Varsovia. En canto á música sinfónica, e dirixida por Víctor Pablo, Zedda, Malheiro, Valdés, García Asensio, Ros Marbá, Heltay, Encinar, Rilling, Guth, Jesse Levine, Stubs, Ortega, Alapont, Albiach, Brouwer, Frühbeck de Burgos, López Cobos, Herbig e Steinberg, destacan o debut no Campoamor co Alexander Nevski de Prokofiev, *Das Lied von der Erde* de Mahler en Bilbao, a versión da mesma obra de Schönberg-Riehn no Palau de la Música de Valencia, *Alt Rapsodie* de Brahms no Monumental de Madrid, *Misa en la bemol maior* de Schubert na Liederhalle de Stuttgart, a súa colaboración coa Compañía Nacional de Danza no espectáculo *Raptus* de Nacho Duato no Teatro Real e *O amor bruxo* de Falla no Auditorio Nacional. Na música antiga e barroca destacan os papeis de Sorceress (*Dido e Eneas* de Purcell), Nerone (*L'incoronazione di Poppea* de Monteverdi) e Sesto e Cornelia (*Giulio Cesare* de Haendel). Entre os anos 2000 e 2005 pertence a Al Ayre Español, co que actuou nalgúns dos máis prestixiosos festivais europeos do xénero (Herne, Utrecht, Libramont, Schleswig-Holstein, Société Philharmonique de Bruxelles) representando as zarzuelas barrocas *Acis e Galatea* e *Xúpiter e Semele* de Literes que se gravaron para Harmonia Mundi e recibiron o Premio Nacional de Música 2005. Tamén colaborou con Zarabanda (Alvaro Marías), Speculum e Camerata Iberia. Forma dúo co vihuelista Juan Carlos de Mulder. Para K617 gravou o papel de Ulisse da ópera de Martín y Soler *Ifixenia en Aulide* e Argirio da ópera *Aminta* de Manzoni coa Real Compañía Ópera de Cámara e Juan Bautista Otero. Interveu en numerosas producións operísticas cantando títulos como *As vodas de Fígaro*, *A Walkiria*, *Carmen*, *La Traviata*, *A frauta máxica*, *O barbeiro de Sevilla*, *Lucia di Lammermoor*, *Otello*, *Tancredi*, *Rigoletto*, *L'enfant et les sortilèges*, *Manon*, *Elektra*, *The rape of Lukretia*, *Die Frau ohne Schatten*, *The Little Sweep*, *Eugene Onegin* ou *La Sonnambula*, e zarzuelas como *La verbena de la Paloma*, *La Gran Vía*, *Doña Francisquita* ou *Aqua, azucarillos y aguardiente*, baixo a dirección escénica de Sagi, Iturri, Garcíá, Poda, Bollaín, Guti, Plaza, Pontigia, Kemp, López, Font (Els comediantes), Palés, Lavelli, Joel, Pizzi e Ichikawa nos máis importantes teatros españoles (Real, Zarzuela, Villamarta, Maestranza, Santander, Perelada, Arriaga). Participou como invitada na Gala polo 150º aniversario do Teatro da Zarzuela de Madrid e na estrea absoluta de *La Tarasca* de Martín Pompey.

Miquel Ortega dedicoulle unha das cancións do seu ciclo e Antonio Noguera escribiu para ela as *Nanas* que estreou na Fundación Marcelino Botín dentro do ciclo Compositores Cántabros. En 2005 estreou a ópera de cámara para mezzo e actor *El respirar de las estatuas* de Juan Manuel Artero no I Festival de Música Contemporánea de Toledo xunto ao actor José Luis Gómez e o Grup Instrumental de Valencia dirixido por Cerveró nun programa que incluía as *Folksongs* de Berio. O mesmo compositor tamén escribiu para ela *Sobre lo Inútil Perpetuo*, estreado na Residencia de Estudiantes de Madrid co gallo do centenario de Manuel Altolaguirre. Tamén estreou en 2006 o Réquiem de García Román nos festivais de Granada e Santander. En 2003 gravou con Rosa Torres Pardo o compacto dedicado ás cancións de Albéniz *The Caterpillar* para Deutsche Grammophon. Cantou *La vida breve* de Falla en salas como a Konzerthaus de Viena coa ONE e Pons e Mare a *Palatului* en Bucarest e Dresden con Frühbeck de Burgos, así como no Avery Fisher Hall coa Filarmónica de Nova York.

### **JULIO MORALES tenor**

Naceu en Santander; cidade onde comeza os seus estudos musicais, e trasladouse a Madrid para cursar estudos na Escola Superior de Canto. Asistiu a cursos de técnica vocal e interpretación impartidos por mestres como Victoria de los Ángeles, Alfredo Kraus, Ángeles Chamorro, Raina Kavaivanska, Félix Lavilla, Alberto Zedda, Celsa Tamayo, Enza Ferrari, etc. Foi premiado no Concurso Internacional de Canto Francisco Viñas e no Trofeo Plácido Domingo aos novos valores da música española. Foi seleccionado por Alberto Zedda para interpretar *Semiramide*, *La scala di seta* e *Le comte Ory* na Academia Rossiniana de Pesaro. Protagonizou a estrea absoluta en España da ópera *Lo spezziale* de Haydn no Teatro da Maestranza de Sevilla, con grande éxito de crítica e público. Actuou nas tempadas de ópera do Teatro Real de Madrid, Teatro da Maestranza de Sevilla, Festival Mozart da Coruña, Tempada de Ópera da Coruña, Teatro Campoamor de Oviedo, Teatro da Zarzuela de Madrid, Palacio de Festivais de Santander, Teatro Arriaga de Bilbao, Teatro Pedretti di Sondrio, Teatro Sperimentale di Pesaro, Festival Internacional Cervantino de Guanajuato, Teatro de Guadalaxara, Teatro Cervantes de Málaga, Teatro Villamarta de Xerez, etc., interpretando papeis como *Il Cavaliere de Il tutore Burlato*, *Conde Almaviva de O barbeiro de Sevilla*, *Iamino da Frauta máxica*, *Idreno de Semiramide*, *Marzio de Mitridate rè di Ponto*, *Albazar de Il turco in Italia*, *Edmondo de Manon Lescaut*, *Gastone de La Traviata*, *Duque de Lerma de Don Carlo*, *Nireno de Xulio César*, *Conte Ivrea de Un giorno di regno* e *Maese Pedro de El retablo de Maese Pedro*. Interpretou zarzuelas como *El rey que rabió* no Teatro da Zarzuela, *El barberillo de Lavapiés* na Maestranza de Sevilla e no Teatro da Zarzuela, *Pan y Toros* e *Tonadillas* escénicas na Zarzuela e *La bruja* na Zarzuela e no Campoamor. Interpreta oratorios como a *Misa de Réquiem* de Mozart, *Magnificat* de Carcomer e *Stabat Mater* de Pergolesi.

Realizou concertos en España (entre os que destacan o concerto do 150º aniversario do Teatro da Zarzuela e varios actuacións no Teatro Real, como a estrea do concerto-espectáculo *O Canto de Orfeo, ou Tardes con Donizetti*), Francia, Italia, Uruguai e Holanda. Neste último país interpretou *El retablo de Maese Pedro* de Falla en versión concerto na cidade de Leiden. Traballa baixo a dirección musical de Alberto Zedda, Plácido Domingo, García Navarro, Miguel Roa, Ros Marbá, Miquel Ortega, Pedro Halffter, Marco Armiliato e Stefano Allemandi, e baixo a dirección escénica de Emilio Sagi, Luis Olmos, Calixto Bieito, Gerardo Vera, Lindsay Kemp, Ariel García Valdés, Hugo de Ana, Beppe de Tomás, etc. Compartiu escenario con Plácido Domingo, Carlos Álvarez, Agnes Baltsa, Juan Pons, Simon Estes, Simone Alaimo, Alessandro Corbelli, Alberto Rinaldi e Luis Lima, entre outros. Entre os seus próximos compromisos cómpre salientar *El rey que rabió* en Salamanca, Madrid e Santander así como diversos recitais en Madrid, Toledo ou A Coruña.

### **JAVIER GALÁN barítono**

Como destacaba na revista Scherzo o crítico Arturo Reverter, "Javier Galán é un novo e prometedor barítono de timbre brillante e moi doada emisión". Rematou a carreira de canto coa cualificación de matrícula de honra e obtivo o premio de honra fin de carreira no

Conservatorio Superior de Música de Valencia co catedrático de canto José Mª Pérez Busquier. Foi premiado no Concurso Francisco Viñas de Barcelona en cinco ocasións e conseguiu o primeiro premio nos concursos de Logroño, Moncada (Valencia) e Abarán (Murcia).

Na súa traxectoria concertística cantou o Réquiem de Mozart en Xixón e Avilés; *Misa da coroación* de Mozart; *Misa de gloria* de Puccini co Orfeón Donostiarra e a Sinfónica de Bilbao no Euskalduna e no Teatro Real de Madrid; *Carmina Burana* de Orff no Palau da Música de Valencia e nos auditórios de Soria e de León; *O Mesías* de Haendel en Valencia; *Cleopatra* de Massenet xunto a Monserrat Caballé e Miquel Ortega no Teatro Real e no Liceo, e participou na recuperación do Réquiem do mestre Giner en Valencia. Dende o 2000 colaborou asiduamente coa compañía Ópera 2001, o que lle permitiu cantar por todo o estado español, ademais de nalgúnsas cidades e vilas de Francia e Portugal, os primeiros papeis de óperas como *Don Giovanni* e *A frauta máxica* de Mozart; *Lucia di Lammermoor* e *L'elisir d'amore* de Donizetti, *La traviata*, *Il trovatore* e *Un ballo in maschera* de Verdi; *Madama Butterfly*, *Tosca* e *La Bohème* de Puccini, e *Carmen* de Bizet. Actuou nos teatros españoles más importantes, como o Liceo de Barcelona, Teatro Real, Teatro Español e Teatro da Zarzuela de Madrid, Palacio Euskalduna e Teatro Arriaga de Bilbao, Teatro da Maestranza de Sevilla, etc. Foi dirixido por directores musicais como Joan Cerveró, José Fabra, Pedro Halffter, Lorenzo Ramos, Miquel Ortega, Miguel Roa, Ramón Encinar, Renato Palumbo, e de escena como Ignacio García, Mario Gas, Alexander Herold, Gustavo Tambascio, Emilio Sagi e Josep María Mestres. Cantou coa Ópera de Berlín na Maestranza de Sevilla a ópera *Der ferne Klang* de Schrecker. Tamén no mesmo teatro colleitou un importantísimo éxito co papel de Sancho da ópera *Don Quisciotte* de Manuel García. Cantou o papel de Pippo de *Il tutore burlato* de Martín y Soler no Teatro Real, e o de Sancho da ópera *Dulcinea* de Mauricio Sotelo na estrea no Teatro Real en coproducción co Liceo de Barcelona, Euskalduna de Bilbao, Campoamor de Oviedo, Palau de les Arts de Valencia e Maestranza de Sevilla. En 2006 cantou *Bohemios* de Vives no Teatro da Zarzuela de Madrid e no Campoamor de Oviedo con grande éxito, e *Black el payaso* e *Adiós a la bohemia* no Teatro Español de Madrid baixo a dirección de Mario Gas.

En 2008 cantou na tempada de ópera da ABAO de Bilbao *La bataglia di Legnano* de Verdi baixo a dirección de Emilio Sagi e Renato Palumbo, *Orfeo* e *Eurídice* de Krenek no Teatro Real de Madrid baixo a dirección de Pedro Halffter, e *Roucher* do *Andrea Chenier* de Giordano no festival das Palmas con dirección escénica de Ivan Stefanutti. Recentemente editouse en compacto a gravación en vivo na Maestranza da ópera *Don Quixote* de Manuel García distribuída por Diverdi. Os seus próximos compromisos para o 2009 inclúen, para a ABAO en Bilbao, o papel de Morales en *Carmen* e realizará a cobertura de Vladimir Stoyanov no *Aroldo* de Verdi.

### **BORJA MARIÑO piano**

Naceu en Vigo, onde iniciou os seus estudos musicais e obtivo os títulos superiores de piano, solfexo e música de cámara. Na súa carreira pianística foi crucial a presenza dos profesores Julius Andrejevas, Vladimira Smousova e So Young Moon. Realizou ademais numerosos cursos no estado español, Italia e a República Checa. Posteriormente trasladouse a Madrid onde consegue os títulos de composición e musicoloxía no Real Conservatorio de Música. Completou a súa formación como mestre repetidor de ópera recibindo o asesoramento dos mestres Barton, Bini, Sawyer e Tyteka (aos que recoñece o seu profundo agradecemento) no Teatro Real de Madrid, no que posteriormente traballou en máis de dez óperas e numerosos recitais e actividades. Tamén realizou este labor no Teatro da Zarzuela e no Teatro de San Lorenzo de El Escorial (Madrid), Liceo (Barcelona), Festival Mozart (A Coruña), Teatro da Maestranza (Sevilla), Teatro Villamarta (Xerez), Auditorio Baluarte (Pamplona), Teatro Calderón (Valladolid), Teatro Campoamor (Oviedo) e no Festival Amazonas de Ópera en Manaus (Brasil). Dende 2002 é mestre repetidor e director da banda interna na Tempada de Amigos da Ópera da Coruña.

Entre as obras do seu repertorio atópanse *Tosca*, *La Bohème*, *Madama Butterfly*, *Il Trittico* e *Turandot* de Puccini; *Carmen* e *Os pescadores de perlas* de Bizet; *Fausto* de Gounod; *Werther* de Massenet; *Lohengrin* e *O holandés errante* de Wagner; *Elektra* de Richard Strauss; *Idomeneo*, *As vodas de Fígaro*, *Così fan tutte* e *A frauta máxica* de Mozart; *Rita*, *Lucia di Lammermoor* e *Don Pasquale* de Donizetti; *La sonnambula* e *Norma* de Bellini; *Semiramide*, *O barbeiro de Sevilla* e *Il viaggio a Reims* de Rossini; *Macbeth*, *La Traviata*, *Il Trovatore*, *Rigoletto*, *Un ballo in maschera*, *Don Carlo* e *Otello* de Verdi; *La Gioconda* de Ponchielli; *Cavalleria rusticana* de Mascagni; *Pagliacci* de Leoncavallo; *Andrea Chénier* de Giordano; *Evgeni Onegin* de Tchaikovski; *Pelléas et Mélisande* de Debussy; *A voz humana* de Poulenc; *Gli amori d'Apollo e di Dafne* de Cavalli; *La vida breve* e *O retablo de Maese Pedro* de Falla e *Merlín* de Albéniz. Traballou con directores como Colin Davis, Lombard, Guingal, Gómez Martínez, Carella, Panni, Allemandi, Khan, Malheiro, Weigle, Armiliato, Petrenko, Zedda, Ros Marbá, Collado, Albiach, Galduf, Vicent e De Eusebio, entre outros. Entre os artistas cos que traballou durante estas tempadas atópanse C. Vaness, J. van Dam, R. Scanduzzi, M. Devia, D. Dessi, P. Ciofi, R. Leech, D. Graves, R. Hale, S. Larin, E. Marton, D. O'Neill, M. Guleghina, L. Vaduva, F. Casanova, J. Pons, I. Rey, M. Bayo, M. Cantarero, A. Arteta, N. F. Herrera, B. Ford, D. Barcellona, A. Siragusa, F. Ellero D'Artegna, C. Colombara, E. Grunewald, D. Wilson-Johnson, A. Titus, E. Halfvarson, J. Juon, K. Streit, S. Anthony, J. Lapointe, B. Uria-Monzon, C. Gallardo, E. Coelho, etc. Como intérprete de piano, celesta e órgano tocou xunto á Sinfónica de Madrid e a Sinfónica de Galicia en repertorio de ópera, ballet e sinfónico. Recentemente realizou a dirección musical de *A voz humana* de Poulenc en varias cidades españolas.

Recibiu os premios de Xuventudes Musicais (1994) para pianistas acompañantes e de Novos Concertistas da Xunta de Galicia (1998) na categoría de música de cámara. Especializado en repertorio vocal, a súa presenza é habitual nas salas de concertos españolas xunto a cantantes como Ángeles Blancas, Marina Rodríguez Cusí, Manuel Lanza, Rodrigo Esteves, Luis Dámaso, Judith Borrás, Ángel Rodríguez, Federico Gallar, etc. Foi pianista oficial no Concurso de Canto de Logroño, Concurso Cidade de Zamora e Torneo Internazionale di Musica (TIM). Así mesmo participou nos cursos de verán da UCM en El Escorial como repertorista no Taller de Canto impartido por Suso Mariategui e no curso de Giancarlo del Monaco para a Universidade de Alcalá.

## CONCERTO 3

**Borja Quiza** barítono  
**Borja Mariño** piano

Sábado 3 de xaneiro de 2009

### PARTE I

#### **MARINERO EN TIERRA** OP 27

1. Qué altos los balcones
2. Casadita
3. Siempre que sueño las playas
4. Verano
5. Gimiendo por ver el mar

**RODOLFO HALFFTER** (1900-1987)

*Textos: Rafael Alberti*

#### **LA CANCIÓN DEL OLVIDO** (1916)

"Junto al puente de la peña" (canción de Leonello)

**JOSÉ SERRANO** (1873-1941)

#### **LA CALESERA** (1925)

"Agua que río abajo marchó" (romanza de Rafael)

**FRANCISCO ALONSO** (1887-1948)

#### **LOS GAVILANES** (1923)

"Mi aldea" (romanza de Juan)

**JACINTO GUERRERO** (1895-1951)

### PARTE II

#### **NOSTALGIAS**

**JUAN CARLOS COBIÁN** (1896-1953)

#### **VOLVER**

**CARLOS GARDEL** (1890-1935)

#### **TE QUIERO, DIJISTE**

**MARÍA GREVER** (1884-1951)

#### **JÚRAME**

**MARÍA GREVER** (1884-1951)

#### **ALFONSINA Y EL MAR**

**ARIEL RAMÍREZ** (n. 1921)

#### **LA DEL MANOJO DE ROSAS** (1934)

**PABLO SORÓZÁBAL** (1897-1988)

"Madrileña bonita" (romanza de Joaquín)

#### **LA DEL SOTO DEL PARRAL** (1927)

**R. SOUTULLO** (1880-1932) / **J. VERT** (1890-1931)

"Los cantos alegres de los zagalés" (romanza de Germán)

#### **MARAVILLA** (1941)

**FEDERICO MORENO TORROBA** (1891-1982)

"Amor vida de mi vida" (romanza de Rafael)

## **BORJA QUIZA** barítono

Nado na Coruña en 1982, estudou no Conservatorio Superior de Música de Vigo coa soprano Teresa Novoa e na Escola Superior de Canto de Madrid coa soprano Mª Dolores Travesedo. En 2006 realizou o Opera Studio da Accademia Nazionale di Santa Cecilia de Roma cos mestres Renata Scotto, Silvana Bazzoni Bartoli e Cesare Scarton. Actualmente profundiza o estudo da técnica vocal co tenor Daniel Muñoz.

En 2006 debutou en *L'incoronazione di Poppea* dirixida por Alberto Zedda na Coruña e, na mesma cidade, cantou *Carmen* e un recital no marco do Festival de Amigos da Ópera. En 2007 cantou con éxito *O amor de tres laranjas* (Farfarello) en Xénova, *Carmen* en Girona, *Os pescadores de perlas* en Pamplona e *La Bohème* na Coruña (Schaunard) e en Pamplona (Marcello). Na mesma tempada cantou tamén Filiberto de *Il signor Bruschino* na Accademia Nazionale di Santa Cecilia, *La canción del olvido* en Tenerife, *El barberillo de Lavapiés* nas Palmas de Gran Canaria e os *Rückertlieder* de Mahler cunha orquestra de novos galegos dirixida por Maximino Zumalave. Recentemente cantou Mercutio en *Romeo* e *Xulietta* de Gounod en Xerez da Fronteira, e Capitain Macheath en *The Beggar's Opera* en Boloña, Módena e Reggio Emilia. Tamén interpretou o papel de Don Giovanni na película *Io, Don Giovanni* do director español Carlos Saura rodada en lingua italiana nos estudos romanos de Cinecittà. Foi invitado pola Accademia Nazionale di Santa Cecilia para cantar nunha gala con June Anderson dirixida por Kent Nagano en Montreal.

Entre os seus próximos compromisos destacan Mercutio de *Romeo* e *Xulietta* de Gounod na Fenice de Venecia, *A paixón segundo San Mateo* coa Orquestra Sinfónica Giuseppe Verdi de Milán, *La viejecita* no Teatro Arriaga de Bilbao, *Fígaro* de *O barbeiro de Sevilla* en Oviedo, *Falke* do *Morcego* en Boloña, *Haly* da *Italiana en Arxel* e *Silvano* de *Un ballo in maschera* no Teatro Real de Madrid, *O Mariscal* na Coruña, etc.

## **BORJA MARIÑO** piano

Naceu en Vigo, onde iniciou os seus estudos musicais e obtivo os títulos superiores de piano, solfexo e música de cámara. Na súa carreira pianística foi crucial a presenza dos profesores Julius Andrejevas, Vladimira Smusova e So Young Moon. Realizou ademais numerosos cursos no estado español, Italia e a República Checa. Posteriormente trasladouse a Madrid onde consegue os títulos de composición e musicoloxía no Real Conservatorio de Música. Completou a súa formación como mestre repetidor de ópera recibindo o asesoramento dos mestres Barton, Bini, Sawyer e Tyteka (aos que recoñece o seu profundo agradecemento) no Teatro Real de Madrid, no que posteriormente traballou en máis de dez óperas e numerosos recitais e actividades. Tamén realizou este labor no Teatro da Zarzuela e no Teatro de San Lorenzo de El Escorial (Madrid), Liceo (Barcelona), Festival Mozart (A Coruña), Teatro da Maestranza (Sevilla), Teatro Villamarta (Xerez), Auditorio Baluarte (Pamplona), Teatro Calderón (Valladolid), Teatro Campoamor (Oviedo) e no Festival Amazonas de Ópera en Manaus (Brasil). Dende 2002 é mestre repetidor e director da banda interna na Tempada de Amigos da Ópera da Coruña.

Entre as obras do seu repertorio atópanse *Tosca*, *La Bohème*, *Madama Butterfly*, *Il Tritico* e *Turandot* de Puccini; *Carmen* e *Os pescadores de perlas* de Bizet; *Fausto* de Gounod; *Werther* de Massenet; *Lohengrin* e *O holandés errante* de Wagner; *Elektra* de Richard Strauss; *Idomeneo*, *As vodas de Fígaro*, *Così fan tutte* e *A frauta máxica* de Mozart; *Rita*, *Lucia di Lammermoor* e *Don Pasquale* de Donizetti; *La sonnambula* e *Norma* de Bellini; *Semiramide*, *O barbeiro de Sevilla* e *Il viaggio a Reims* de Rossini; *Macbeth*, *La Traviata*, *Il Trovatore*, *Rigoletto*, *Un ballo in maschera*, *Don Carlo* e *Otello* de Verdi; *La Gioconda* de Ponchielli; *Cavalleria rusticana* de Mascagni; *Pagliacci* de Leoncavallo; *Andrea Chénier* de Giordano; *Evgeni Onegin* de Tchaikovski; *Pelléas et Mélisande* de Debussy; *A voz humana* de Poulenc; *Gli amori d'Apollo e di Dafne* de Cavalli; *La vida breve* e *O retablo de Maese Pedro* de Falla e *Merlín* de Albéniz. Traballou con directores como Colin Davis, Lombard, Guingal, Gómez Martínez, Carella, Panni, Allemandi, Khan, Malheiro, Weigle, Armiliato, Petrenko, Zedda, Ros Marbá, Collado, Albiach, Galduf, Vicent e De Eusebio, entre outros.

Entre os artistas cos que traballou durante estas tempadas atópanse C. Vaness, J. van Dam, R. Scanduzzi, M. Devia, D. Dessì, P. Ciofi, R. Leech, D. Graves, R. Hale, S. Larin, E. Marton, D. O'Neill, M. Guleghina, L. Vaduva, F. Casanova, J. Pons, I. Rey, M. Bayo, M. Cantarero, A. Arteta, N. F. Herrera, B. Ford, D. Barcellona, A. Siragusa, F. Ellero D'Artegna, C. Colombara, E. Grunewald, D. Wilson-Johnson, A. Titus, E. Halfvarson, J. Juon, K. Streit, S. Anthony, J. Lapointe, B. Uria-Monzon, C. Gallardo, E. Coelho, etc. Como intérprete de piano, celesta e órgano tocou xunto á Sinfónica de Madrid e a Sinfónica de Galicia en repertorio de ópera, ballet e sinfónico. Recentemente realizou a dirección musical de *A voz humana* de Poulenc en varias cidades españolas.

Recibiu os premios de Xuventudes Musicais (1994) para pianistas acompañantes e de Novos Concertistas da Xunta de Galicia (1998) na categoría de música de cámara. Especializado en repertorio vocal, a súa presenza é habitual nas salas de concertos españolas xunto a cantantes como Ángeles Blancas, Marina Rodríguez Cusí, Manuel Lanza, Rodrigo Esteves, Luis Dámaso, Judith Borrás, Ángel Rodríguez, Federico Gallar, etc. Foi pianista oficial no Concurso de Canto de Logroño, Concurso Cidade de Zamora e Torneo Internazionale di Musica (TIM). Así mesmo participou nos cursos de verán da UCM en El Escorial como repertorista no Taller de Canto impartido por Suso Mariategui e no curso de Giancarlo del Monaco para a Universidade de Alcalá.